

PANTANO

Autoedición

Abril de 2021

Santiago de Compostela

# **PANTANO**

Belén Costa

Aldara García

Alexandre Iglesias

Olesya Kanevska

Senén Peleteiro

Óscar Revillas



## New York


Mireime os ollos de espello no urinario da rutina  
suxeito con pegatinas  
tantas veces en cafés de polígonos de madrugada:  
no corazón da industria que é frío edificado.  
L.P. esmagando o corazón afundido  
nas risas da Bauhaus baixo calculadoras  
e contas de Empire State.  
A existencia ruín en edificios  
de oficina de cristal,  
afecto que son números  
e as mentiras de Gropius na promesa dun

“mundo verde, mundo verde, mundo verde”

*I love NY*  
como será

Mireime Vigo e conteiche San Marcos  
conversacións entre estraños complices nun Paraíso.  
De non rectificar do camiño  
marcando co sino ao sino de nacemento.  
Tantas mortes e nós sen tempo pra tomar o café,  
tantos rompen camiños de montañas con sede en *Steam Punk*:  
o deserto do Courel  
-unha coroa de amapolas  
que costa dous gramos-  
na tumba de visitantes  
a Bancos Dos Pobres  
con carteiras en zero  
e tarxetas gastadas

*I love NY*  
como será



**My baby is the sweetest**

## O gas da risa

Hai máis pirulas sobre a  
mesa que cravos no altar

vexo necesario mudar de profeta

se te ris de min,  
morres  
se te ris de min  
morremos  
nun vértigo aparente dos sentidos

Ven canda min,  
irmán  
faiame latexar en hemorraxias

ven canda min

Enrarecido está o aire  
na postiza noite das cortinas

bótome de menos a máis  
enrarecido  
na tunda do sol do mediodía

i.

á fin

emerxido o desgaste e anegada a acritude  
son quen de referirte  
sen copretéritos nin unha pinga de alcol  
en sangue

ensanguentada dabondo e dende as vísceras

a ti

xerme do plumbbob causa do mal potencia diabólica  
xénese do martirio  
chupóptero da savia

ti

que osaches consentir a carcoma  
do nimio transcorrer das horas

eu

que fun a man e o corpo  
o berro e a agonía  
a túa violencia e a dor mundial  
sub  
specie  
aeternitatis

xa reconstituída, dígocho

non serás ti o heracles que derrame o veneno desta hidra  
espírito ctónico do inframundo

non

(sen antes saber  
que sempre sufriu a súa Propia  
e irremediable atracción  
cara a catástrofe)

ii.

quen fora sido o que non é  
(obxecto da súa busca)

necia de si  
entrañablemente morta  
sentinela das vísceras sobrantes  
da ferida ensanguentada do mundo

mais non

sangue que de si non sabe  
non sangra  
nin sana  
nin doe

...sempre padecedeira  
de anhelos abortados...

iii.

ah  
aflicción do que puido ser  
e non  
apiádate de min i expéle-me  
desta triste anestesia do desconsolo

porque non aguanto a rutina de serme  
i esta loucura febril xa non me permite berrar

*my heart is empty but the songs i sing...*

## ¿Por qué aquí dentro llueve tanto?

Restricciones mentales para generaciones deprimidas.

Encerrada voluntariamente sedenta mi piel,  
granito y mármol putrefacto atrapado en  
las curvas de un cuerpo ralentizado.

El asfalto se ha vuelto metal y siento que no me consumo lo suficiente para todo lo que siento.

La lluvia se inserta en mi nuca,  
rezo porque no alcance mi razón y lo convierta todo en papel mojado,  
córtex prefrontal húmedo y  
empapado de fé.

Menos mal que mi llanto es mi hogar.

Algo nos ahoga,  
máscara en la que se genera un microclima,  
microorganismos que micropasean por tu rostro.  
Marcas y eccemas.

El vapor que emana de tu garganta se condensa y llueve sobre tu nariz.

Llegará un día en que nos crezca moho de los pómulos hacia abajo,  
de que media cara se nos pudra en vida  
y de que en ella crezca más vida.

El musgo será nuestra barba y la boca una cueva.



## Os pasos prohibidos

I.

colgando  
aínda quente  
tremen algo as mans húmidas  
quedan atrás os despropósitos  
as visitas constantes  
os amores vacuos e os de lapis e papel  
e boli  
por diante o Ben  
os dentes estalan e mascan  
o sabor da vitoria  
a luz aumenta  
de golpe  
queima  
achégame tanto

achégame tanto

II.

i eu penso  
penso en que refrescou  
no cigarro que fumei  
en quén preparará o caldo  
por qué tanto  
ou tan pouco  
viaxar para verte a ti  
sempre ves o mesmo  
sempre  
só hai un  
non hai que deter o tren  
nunca foi  
necesario

quen preparará o caldo

### III.

onde está exactamente  
a nosa vaidade  
vacuos pendóns de aceiro  
asustados  
quén é o verdadeiro cobarde  
o que se detén a ver  
ou a pomba sen perna  
aquel que non pode deixar de mirar  
as manchas da borralla  
no cadaleito podre deste inverno  
ese mesmo  
a ese é ao que non podo deixar de amar  
tan ardente coma unha espada dourada  
saída da fogueira  
na que expiaron os seus pecados  
todos os santos  
que arrinca as febras dos corpos  
as entrañas cheas de alquitrán  
para tiralas na terra  
e ver nelas un oráculo  
unha pantomima absurda  
sobre o que pasou onte  
pasa hoxe  
e pasará mañá


o coro responde:

#### IV.

comecei por afeitarme  
aos poucos  
volvín rematar  
cando xa non había máis pel  
por arrincar  
outra vez aquí e digo  
non  
non máis  
por favor  
só cambiarei o discurso  
cando remate de chorar  
todo este viño vello  
no que frotan á deriva  
os meus riles  
e os meus miolos  
negros  
culpables

estas flores  
estas malditas flores

A que cheira a morte?



## **A morte en tres actos**

Lenta

do espesor da morte  
fixen eu o meu atlas.  
Abro os ollos  
pra atoparme espido  
-camiñando-  
pola parede rugosa  
da cegueira

Dramatizada

a división do monstro  
a saltar polas varandas  
e o cheiro que arremete  
a ficar ben dentro  
da morte tarda

Simbolista

gato branco  
gato negro  
tortilla de patacas.  
A morte nas palabras  
sempre ameaza  
con facer esquemas  
das vogais áfonas

## Abafar

Rápido nos acostumamos aos malos cheiros  
por cada labazada unha resposta muda.  
Encher é quedar baleiro.

Se atufa, pechamos a porta ata que non nos decatamos.  
No peito agachamos o fume que ti respiras  
e que agora abafa,  
afoga,  
a cinza dos alvéolos queima na soidade.

A inquedanza nunca foi suficiente,  
e cando agardo, ninguén se detén pra escoitar.  
Berridos de gorxa entre cancións,  
da entrada do esófago dereito ao padal,  
entre dentes murmuro,  
non chega o aire suficiente.  
Volve a abafar.

Quen te vai respectar se non tes sangue no nariz?

Espremo o xugo dunha laranxa aceda,  
as miñas papilas gustativas reméxense pensando no que virá.  
O sabor amargo do silencio.

Non adoito encontrar paixón que non sexa nos teus beizos.

Botar de menos non é doado, pero cando doe,  
apreta.

Abafa.



## O tren

A vida é cíclica; a morte, o único orixinal. Foron as primeiras palabras que asaltaron a miña cabeza cando recuperei a consciencia e me atopei camiñando por unha rúa ampla flanqueada por terrazas baleiras e comercios fechados de domingo, naquela vila de Valdeorras. As mans suxeitaban o teléfono sen batería e o cigarro do mareo; os pés, estoupados de camiñar nos círculos debuxados por tres noites sen durmir. Un paseo, este, arredor do alcol e discusións de non solucionar, de cores fosforitas e flashes, carteiras baleiras, fouciños rebentados e pescozos desangrados, que non quixera atopar fin. Como a propia xuventude. A vida é cíclica; a morte, o único orixinal.

O meu errático andar seguía a dirección marcada pola aprendizaxe de xestas similares, de que todas as estacións de tren en vilas pequenas sitúanse nos lindes das mesmas. Acertara. A paisaxe decadente completábase cun vello edificio ferroviario ao fondo, e dous yonkies na porta durmindo sobre vidros e cartóns mollados do orballo da mañá. Neles vin reflectida a miña propia existencia demacrada e sentín lástima de min, unha pena que non se correspondía co despregamento de atraccións, barracas e cachibaches que ocupaban a chaira gris cemento, situada á esquerda. Estaban en festas.

Atravesei a porta acompañado do ruído das solas pegañentas sobre a baldosa, e paguei o billete da salvación cos últimos cartos que me quedaban. Non gardaba máis dun euro, dous, pra comprar unha auga na máquina de vending, confiando en que me asentara o corpo e a cabeza máis que unha cervexa. Credo esta mentira lavei a cara na fonte do hall taponada con cabichas amarelas, deixando un charco de auga arroibada polo sangue dalgún corte na faciana, e crucei unha nova porta que me empurrou de fronte contra as vías oxidadas. Nun banco de pedra sentei e esperei o tren entre mareos,

arcadas e suores fríos, temendo por un corte de dixestión, por quedarme durmido e espertar cagado, e só. Rápido tremeu unha bucina fantasmal que me fixo espertar do letargo, saltando sobre min nun microinfarto. En fronte da miña faz e doutras descoñecidas que montaban cara non me importa, amarraba o rexional, branco e laranxa. Imperial.

Irún-A Coruña, con parada en Santiago de Compostela. A 200 quilómetros esperábame a miña cidade de pedra. Tentando persuadir a mente, evadirme do meu mal e da tristura que chamaba ás portas da caluga, pensei na vella cidade, nos bos recordos nela, ou simplemente nos recordos que o tempo me fixera crer como bos. Pensei na miña casa, na habitación mirando cara o Vilar, na miña cama. Imaxinei un longo soño sen espertares asustado en medio de xeadas noites. I é que facía xa tempo que non durmía ben, e tentaba aproveitar eses días despois de merdas nocturnas e mañaneos sen fin, nos que o cansancio físico e mental vencían ás voces do meu subconsciente, pra durmir. Simplemente durmir.

Nesta dinámica montei no vagón número 3, co macuto ao lombo cheo de roupa perfumada con licor café. Facendo caso omiso da ladaíña de corpos sentados a ambos lados do carreiro, busquei o meu asento, confiando en que ningún estraño se me sentara ao lado. Non houbo sorte, e un rapaz novo, duns 25 anos, alto e moreno, vestido con roupa deportiva, acomodouse no asento pegado á fiestra. Cruzamos falsos sorrisos e aí rematou a interacción. A máquina botou a andar logo dun novo estrondo da bucina, nun traqueteo terrible. Eu, aínda sen acomodar, xa quería arrincarme daquela gaiola. Viñan as ganas de fumar, e o estrés por non poder facelo até pasadas tres horas. Novos mareos.

Metín a man na bolsa que me acompañaba e saquei o *Demian* de Hesse, libro no que levaba inmerso varios días. Sempre tiven a habilidade de escoller as lecturas máis pesadas para os peores momentos. Repasei as últimas páxinas para volver introducirme na narración e escapar dos meus pensamentos. Pensei no protagonis-

ta, e quixen verme nel. Busqueime o estigma de Caín, e pensei na deriva vital na que me atopaba, no mundo de necedades e falacias no que vivía, de superficialidades e aparencias. Pensei na liquidez das relacións humanas, e que eu era especial, diferente. Crinme un romántico incomprendido, un novo bohemio de absentia na gorxa, cos pensamentos centrados nese ático imaxinado, e unha soga colgada da viga máis grosa. Sentinme Europa despois da Guerra. Pobre e triste Europa. Estaba perdido e, sobre todo, traizoado pola educación recibida.

A lectura non tivo o efecto desexado e, aparcando o libro contra a beira do asiento, tratei de pechar os ollos e durmir. Foi nese momento, seguindo o movemento serpeante dos vagóns sobre as vías, cas pálpebras baixadas, cando me decatei de que algo estraño acontecía naquel tren. Castigado e taponado por mocos negros, o meu fociño avisou primeiro. Case todos os trens que percorren a Península teñen un olor característico, unha mistura entre suor, colonia e plástico queimado. Pero aquel vagón non cheiraba a nada diso e, polas miñas fosas nasais, comezou a penetrar o máis noxento dos cheiros. Era amargo, rancio, poderoso, capaz de acabar con calquera bo recordo que o meu nariz gardara: o cheiro da miña nai cando me abrazaba de cativo, o cheiro a lareira da cociña da casa familiar, das chulas da avoa nas mañáns do nadal, o cheiro de colonias estrañas nas sabas de madrugada. Todos aniquilados por aquela pestilencia fora do normal, que insistía en manterme esperto, preocupado.

Desistindo de acadar o sono imaxinado, tratei de atopar unha causa lóxica a aquela tormenta de merda, ao tempo que as nauseas comezaron a percorrer a miña gorxa. O estómago, máis revoltoso se cabe. Que asco. A potencia daquel cheiro fixo que os meus lacrimais comezaran a traballar. Asumín que ía acabar conmigo. Puro Ácido. Xirei a cabeza para testemuñar que todo o mundo sentía o mesmo ca min. Á dereita, o meu compañeiro de asiento durmía pracidamente, coa cabeza apoiada na fiestra pintada con verdes

montañas nun fondo impresionante. Bendito subconsciente, e que envexa de escoitalo só en soños, e que envexa poder durmir con aquela peste envolvendo o meu ser.

Foi no virar da mirada á esquerda, o meu igual tralo corredor, cando atopei o inverosímil da escena, a causa daquel fedor que non podía obviar. Recostado sobre o sillón do tren vin un home, un vello duns 80 anos, cun brazo en cada pose, pernas estiradas e a cabeza reclinada cara atrás. Cómodo, en calma. Feliz. Podería tratarse dunha persoa normal, durmida despois dunha longa viaxe. Dun ancián que, canso de percorrer centos de quilómetros, decidiu durmir e espertar nalgún lugar onde ninguén o esperaba. Si, podería ser unha imaxe común sen ningún xiro copernicano, se non fora porque aquel home estaba morto. Así o dicían os seus ollos en branco, a súa pel tensa e amarela, a súa inexistente respiración, o cabelo branco e sen forza e, claro, o cheiro infernal que emanaba del e do que, parecía, ninguén se decataba. Ou non se quería decatar.

Ao lado daquel cadáver noxento ía sentada unha muller madura, duns corenta anos, loura e moi maquillada, que miraba pola fiestra cunha pasividade envexable. Mireina de cheo buscando uns ollos que me dixeran “sei o que pensas, rapaz”. Mais, cando por fin mirou a miña cara derruida e asqueada, con bolsas negras en vez de ollos, sorriu. Simplemente sorriu e volveuse a perder na paisaxe de árbores en bosques infinitos. Voltei atrás a mirada, perplexo. Xente durmindo, lendo ou absorbidos nas súas pantallas. E naqueles ollos cos que me cruzaba, pasotismo, nada. Aquel home descompúñase nun vagón cheo de xente, apestaba cun cheiro que parecía un terremoto. Un tifón noxento que emanaba dun home morto e tranquilo, e do que eu era o único padecedor daquela tortura particular. Mentres, o tren continuaba a súa travesía impasible.

Foron moitos os que puideron testemuñar a realidade, mais fixeron da evidencia un invisible. Os revisores que pasaban ao seu ca-

rón e pedían os billetes a cada parada ben puideron deterse a mirar a cara dunha persoa que deixara só e só o seu corpo. Os novos viaxeiros que entraban no tren e, impasibles, pedían perdón ao pasar. Unha cativa que, escapando doutro neno, inmersos nalgunha trama ficticio-infantil, tropezou coa súa perna e foi caer enriba del. Mirouno, ruborizou e seguiu a fuxida veloz. A compañeira de asento loura que, chegada a súa parada, despediuse do corpo inerte como se lle fora a contestar. Deica logo, un pracer por tantas horas sen conversa. O cheiro seguía a perpetrarse.

Así transcorría o tempo, coma se doutra viaxe calquera se tratase. O tren avanzaba sobre as vías de ferro incrustadas nunha paisaxe de soño de verán, nese maxistral choque industrial entre máquina e natureza. A voz robótica dun asexuado anunciaba a seguinte parada. A xente subía e baixaba intercambiando sorrisos e arrastrando as maletas. Un home morto conquistaba ca súa peste os vagóns dous e catro. I eu, ao borde da tolemia, suaba e suaba polo surreal da escena, e todos suaban do que estaba a acontecer. Porque era imposible que ese home, cuxa cabeza colgaba coma un péndulo e balanceaba ao compás do tren, cuxa mirada branca perdera calquer indicio de humanidade e cuxas pernas permanecían tesas como garabullos, non chamase a atención de ningún membro daquela pequena comunidade na que convivíamos durante unhas horas largas.

Sen poder pensar en nada máis que naquel fedor, e ante impasibilidade do resto de viaxeiros, a miña cabeza entrou en colapso. Asemellaba que eu era a única persoa dalquel tren que reparara na existencia dun cadáver no vagón, cun cheiro putrefacto, como a miña existencia. Unha especie de cruenta performance dirixida cara min, unha gran broma final digna do mesmo Comediante, coa banda sonora do xa insoportable traqueteo esquizofrénico. Pensei en que todo o tren estaba esperando a que ese individuo, que montara medio alcolizado, adormilado e con mal aspecto, se erguera en medio dunha viaxe tranquila e berrara que había un morto naquel tren. Pensei en dicir algo e facer o ridículo diante de familias

felices con cativos alegres, de homes honorobles de negocios, de estudantes cun futuro prometedor, de matrimonios anciáns cunha vida pulcra e recta. Mirade ese tolo, que non respecta a un pobre vello no seu descanso final, que non admite o paso inexorable do tempo, que se queixa dun cheiro que non existe.

Pensei e pensei, mais non actuei. Non o fixen, pois non ía satisfacer os desexos de toda aquela xente expectante e con ganas de apuntar co dedo acusador ao diferente, ao raro. Eles, que buscaban sinalar o ridículo para evadiren o ridículo das súas propias vidas. Eu, que non podía caer nas artimañas dunha sociedade incapaz de mobilizarse por nada, e cuxa misión última era alienarme. Cos estudos, co traballo, coa familia, coa represión sexual. Cunha caixa aberta, co loito, cos síntoo moito, cunha lápida ao recordo dunha vida infeliz. Eu, que sempre tentara fuxir do camiño marcado por nacemento. Eu, que, quizais agora, quixera tamén morrer nun tren. Non dixer nada, e o sentimento de culpa por non facelo tornouse en pura rebeldía contra todos aqueles que ansiaban verme caer. Ese cheiro era a alma do seren disidente que penetraba polo meu nariz, e a sepultura digna denegada a aquel home pestilente non caería na miña conciencia, se non na de todos os que me rodeaban. Coma un bloque de formigón gris e pesado, a indiferenza acabaría esmagullándoos a todos en terra seca. Maldixer o mundo, e calei tódalas veces.

Nun silencio final, o ceo tornouse gris e souben que ía trepar fora dese inferno. Falou a voz en off, narrador omnisciente daquel absurdo, e freou a maquinaria impasible. Despeguei a espalda suada do asento e collín o macuto mentres tremían as pernas. Virándome, mirei a cara daquel home por última vez. Tiña a mesma expresión, posición e baleiro que había tres horas. Dicir que cruzamos as miradas sería mentir e querer dramatizar unha escena na que ningunha das partes sentía nada. O cheiro, igual de poderoso, penetrante, ineludible. Iniciando a miña marcha, e coas últimas forzas que gardaba antes de desplomarme nalgures, buscando a porta de saída e un sopro dese aire contaminado de cidade, do que, pre-

cisamente, escapara había tres noites sen durmir, despedirme do vello. “Deica logo”, dixen, e cun leve movemento de man, toqueille o ombro xeado.

Encarei o corredor, apartando novos corpos e maletas, e baixei da cápsula escoitando avisos a novas viaxes. Ás costas sentín o son do tren alonxarse entre brétema e humidade mentres camiñaba cara fora da estación de Compostela, sempre en obras. Saquei un cigarro e encarei a pendente de escaleiras que sentín como a saída do purgatorio. Exhalando fume constante, e xa co barullo dos coches de fondo, pensei naquel home, a derradeira. Nun desexo sincero, quixen que alguén, coma min, se dera conta de que estaba a acontecer no vagón número 3, e fixera algo. Que oxalá se erguese en medio da viaxe, berrando pola morte. Que todos os cómplices quedasen embrancuxados, cheos de vergonza. Oxalá alguén coma min, mais non eu. Que o mundo está o suficientemente mollado como para empaparme eu tamén.

## Psicodelia

Por aquel entonces solía llevar un anillo que había pertenecido a mi abuelo. Era una pieza dorada, chapada con algún tipo de aleación que la hacía dura, pero ligera; tenía tres círculos mal hechos en la parte que quedaba inmediatamente encima del dedo, (acostumbraba llevarlo en el índice izquierdo) cada uno de un color diferente: uno verde, rojo el del medio y un color apesado en la gama de los azules, en el derecho. Mi madre me lo había dado en el momento que supo que no tenía recuerdo alguno de mi abuelo.

Era una época de búsqueda. Hablar otra lengua, vivir en un lugar completamente ajeno, te hace sentir tan absurdo como el propio lugar en el que existes o la mierda de lengua en la que hablas. Todo podía ironizarse hasta convertirse en una broma perpetua y de todo se podía aprender algo en el caso de así quererlo. Caminar entre lobos hace que se te afilen los dientes, y si sudas del peligro de convertirte en uno de ellos, se puede alcanzar un estado relativamente continuo de euforia.

Recuerdo el transcurrir de vidas en un solo instante. Eran meses de experimentación, de volver destrozado de cruzar alguna frontera para coger fuerzas y acudir otra vez a saltar el muro; el conocer es un verbo peligroso pues permite vivir entre emociones a la vez que te pega un tajo entre la lengua y la memoria.

Aquel día habíamos quedado unos amigos para explorar el bosque. Una vez llega el verano, aquellos bosques se llenan de familias enteras que se reúnen para pasar el día entre barbacoas y juegos campestres; entre siestas debajo de un buen roble tras el escarbar matutino de la tierra para dilucidar los nuevos brotes de setas que alcanzarán la plenitud floral a finales del verano. Nosotros nos habíamos reunido para algo totalmente distinto. En aquellos países,

fruto de las guerras que en algún momento asolaron sus ciudades y sus campos, en el interior de los bosques se encontraban kilómetros y kilómetros de búnkeres soterrados, algo muy llamativo para fanáticos como Jan y como yo, aunque los demás nos habían acompañado por el hecho de pasar una buena tarde con unas birras y la curiosidad del ensayo en el bosque; toda experimentación necesita una buena excusa.

Todo ocurrió muy rápido. Después del tercer búnker explorado, nos sentíamos con el pleno derecho del marino que llega a tierra tras una larga faena, a sentarnos y bebernos una cerveza bien sudada, además de que el sol se encontraba en su punto más alto. Sin avisar, un relámpago comenzó a recorrer mi cuerpo, primero desde el cuello, para bajar e instalarse en mi pecho, y desde ahí repartido a cada punta de mis extremidades. No pude hacer otra cosa que correr; corrí todo lo que pude con la cabeza baja, sin atender a nada más que ese calor removiéndose en mis venas y trotando dentro de mí. Corrí horas desbocado, jadeando como una hiena vieja hasta adentrarme en lo profundo del bosque y entonces, por alguna razón, parar y levantar la cabeza. Me vi rodeado de una espesura sobrecogedora: árboles gigantes que se ponían de rodillas para mirarme de cerca, para tocarme; una progresión infinita de colores que se mezclaban en mis ojos y demandaban la propiedad de mi cuerpo; matorrales en llamas, risas traídas por el viento que golpeaban la madera, reclamando atención. Podía oler la espesura y la llama, el azul del cielo que se mezclaba con las tonalidades oscuras de esta selva de locos y formaban juntas un único manchón que me cercaba. Cada animal que habría pisado antes esta tierra se había desvanecido en lo más profundo de la hierba, y yo seguía sus pasos. El bosque me había absorbido.

Decidido comencé a cavar con demencia. Creía en la puta y urgente necesidad de hacerlo. Cavé taladrando con mis manos aquel bosque, sintiendo la mutilación a la que sometía la tierra en mis entrañas. Hundí mis manos hasta que dejé de verlas, una y otra vez con euforia salvaje, babándome. Cavé hasta que se me quebraron

las uñas y se clavaron contra la carne. Jadeando otra vez como esa hiena decrepita y podrida, caí boca arriba con la frente mojada y observé un rato como la luz se colaba entre la espesura del bosque; como partía las copas de los árboles y caía al suelo en fogones entrecruzados; levanté los brazos para ver como aquellos rayos de luz se colaban dentro de mí, entrando por las palmas de mis manos para convertirse en polvo y desplazarse al ritmo de la sangre. Mi cuerpo hecho polvo al fin.

Reventado, ladeé mi cuerpo buscando una posición más cómoda, cuando al girar el cuello vi un pequeño riachuelo. Me levanté como pude para lavarme un poco y beber, ya que llevaba tiempo con una sequedad asquerosa. Me puse de rodillas. El agua corría lenta y la tierra formaba obstrucciones en las que varios insectos con alas habían decidido pasar el tiempo volando sobre la pestilencia del fango. Por ambos lados, el riachuelo serpenteaba sin que fuera capaz de advertir algún final. Al introducir mis manos lentamente, vi mi reflejo en el agua completamente desfigurado, con los ojos hundidos, la barba llena de tierra y una especie de costra amarilla rodeándome la boca; estaba aterrorizado. Rompí esa jodida pesadilla con mis manos, y al hacer el movimiento del golpe vi que me faltaba algo. Era el anillo de mi abuelo.

Descompuse a ostias la parte del riachuelo en la que me lavara, pero allí no estaba, lo debía de haber perdido antes. Entonces comprendí; todas esas aberturas, todos los vaciados de tierra que había realizado, de alguna manera y sin conocimiento, habían sido hechos con la única razón de buscar el anillo. Saltando ágilmente me incorporé decidido a seguir cavando, y cavé más y más, y las uñas se separaron completamente de la carne y la sangre cubrió los boquetes llegando al riachuelo para convertirse en su mayor afluente... pero no lo encontré. Estúpidamente subí a un árbol con el propósito de ver reflejado aquellos halos de luz que bajaban por el bosque alto en el suelo, pues al tocar el anillo, este brillaría; no vi absolutamente nada y al intentar bajar, extenuado, caí de la rama a la tierra, aquella tierra que había removido para mi muerte.

Con el cuerpo molido, con las manos destrozadas y la cabeza rota, me arrastré hasta una roca grande que sobresalía del suelo, acomodando mi cuerpo e intentando que me doliera lo menos posible. Había perdido el anillo de mi abuelo, lo único que tenía de él. Mi madre me lo diera para que recordase quién había sido ese extraño y desconocido hombre y ahora, aquel objeto era también un recuerdo perdido. Con el único deseo de que la muerte me cazara en ese bosque, me acomodé lo que pude y comencé a llorar.

No me acuerdo en qué momento empecé a escuchar voces a mi espalda, aunque no hice el menor movimiento posible. De repente una mano se posaba sobre mi hombro. Giré la cabeza y era Jan. Me miró de arriba abajo, acojonado por aspecto de mierda que debía de tener, y me alzó con sus brazos calientes para comenzar a caminar, sujetándome.

había estado un día y medio en lo profundo del bosque  
en ningún momento vi la noche

Semanas después seguía sin conseguir recuperarme de aquello. Los días habían pasado pero me había afectado tanto que no era capaz de sacarlo de mi mente y además, la pérdida del anillo me había roto en pedazos.

Como todos los martes, al acabar en el trabajo por la mañana, bajé al kebab que se encontraba atravesando la cuesta de mi casa, ya que no disponía de tiempo para hacerme la comida antes de volver a entrar de nuevo; en aquel país los horarios laborales hacen muy difícil la conciliación y el descanso, siendo una excusa bastante válida para recurrir al alcohol como método de aguante. El dueño del kebab era un kurdo alto y gordo bastante profesional en lo suyo y que siempre intentaba safarse unos pitillos a mi costa. Al entrar en el local había una cola formada, por lo que me puse de último, echando un vistazo de vez en cuando hacia fuera, ya que había de-

jado la bici arrimada al muro y sin candado. La chica que estaba inmediatamente delante de mí se percató de ello, me lanzó una sonrisa cómplice, como si me conociera de algo, e hizo su pedido de patatas y un refresco de té rojo. Eché el último vistazo atrás para comprobar que la bicicleta siguiera arrimada al muro, y en el momento en que aquella chica estiró sus manos para recoger su pedido y yo avanzaba para ponerme en primera línea hacia el mostrador, descubrí asombrado que en el índice de su mano izquierda llevaba un anillo dorado, chapado y con tres círculos mal hechos de color verde, rojo y azul, respectivamente. Pillado, atacado por la situación me abalancé sobre ella y le pregunté, enajenado, de dónde había sacado ese anillo. Extrañamente, aquella chica no se asustó, a diferencia de la alarmada mirada del dueño, y como esperando de antemano la pregunta, me dirigió hacia una mesa y me hizo un gesto para que me sentara. Una vez sentados me contó su historia. Su madre, al entristecerse por ver que su hija no recordaba a su abuelo, pues este había muerto cuando ella era muy pequeña, rebuscó en el joyero y le regaló, cuando cumplió 17 años, un anillo que su abuelo había llevado en los últimos años de su vida. Desde aquel momento, ella se sentía más próxima a su recuerdo, e incluso hacía suyas algunas historias familiares que su abuelo presidía.

Después de esto, masqué la peor esquizada de mi vida. La chaladura me había costado cara y no sabía cómo responder ni cómo recomenzar de nuevo. Al terminar de trabajar, habíamos quedado los y las compañeras para tomar unas cervezas en el bar del pueblo, y nervioso como estaba, confesé rogando ayuda. De todas y todos, Jan era el único que me había visto en el bosque, pero ni siquiera intuía el porqué de una locura como la mía. Confesé y clamé auxilio ante la expresión boquiabierta de mis colegas, que me veían sudar y apretar los dedos contra las palmas de la mano. El único capaz de decirme algo fue Miroslav, que me agarró el hombro,

acercándose, poniéndose a la altura de mis ojos para con una voz entrecortada, decirme:

- Joder, de qué estás hablando?
- Del anillo de mi abuelo
- Del anillo de tu abuelo?
- Sí, del puto anillo
- Tú nunca has llevado ningún anillo

Tú nunca has llevad..

Tú nunca..

T únc

...

